



# VILABOIA

## Vilaboa: unha experiencia vitivinícola para vivirla

O seguinte destino do noso itinerario é o concello de Vilaboa, ao que chegamos seguindo a estrada da costa PO-551 para, á altura de Rande, tomar a nacional N-554 ata Vilaboa. Neste concello, en concreto na parroquia de Santa Cristina de Cobres atopamos a cuarta adega da nosa IXP: a Adega Os Areeiros, onde se producen os viños *Os Areeiros* (Albariño) e *Os Areeiros* (Tinto). A visita á adega Areeiros é parada obrigatoria neste itinerario pois permítenlle ao visitante achegarse ao proceso de produción do viño, pasear polos seus viñedos das castes caíño, albariño e sousón e, se así o desexan, aloxarse no seu establecemento de turismo rural na propia explotación vinícola.





Dende Vilaboa subimos ao alto da cordal do Morrazo para gozar das vistas que nos ofrece o Miradoiro de Cotorredondo, atalaia dende a que poder contemplar en toda a súa extensión o territorio que abrangue a IXP Ribeiras do Morrazo. O que hoxe son estradas foron antano camiños de pés que articulaban a comarca do Morrazo dunha á outra beira do mar. Por estes vieiros ían as leiteiras da Canicouva a Marín, as peixeiras de Marín e Lourizán a Pontevedra e os produtores locais de viño de Vilaboa a vender o seu produto ás tabernas de Marín e Bueu.

Tamén propomos gozar de enclaves naturais como o Lago de Castiñeiras, parque forestal ideal para pasar un día ou unha tarde en plena natureza, gozando dunha comida campestre nos asadores acondicionados para tal efecto ou paseando polos seus sendeiros e visitando algúns dos seus monumentos megalíticos, como a monumental Mámoa do Rei, paradigmático exemplo do megalitismo atlántico, mostra dos temperáns contactos históricos entre os pobos da cornixa atlántica europea e signo de identidade do atlantismo que impregna os caldos da nosa IXP.

### Gastronomía

Calquera das vilas mariñeiras do noso itinerario é un bo lugar para degustar os magníficos mexillóns que se crían nas case mil bateas dedicadas ao seu cultivo nas rías e Vigo e Pontevedra. Xa sexa cocido, á vinagreta, en guiso, ao forno, en paté ou en salsas, o mexillón é un dos produtos que non se pode deixar de probar. Un bo sitio para facelo é nalgúns dos restaurantes de Vilaboa, tras acudir a presenciar a, sempre interesante, descarga do mexillón no porto de San Adrián de Cobres. Podemos acompañar a degustación cun viño albariño da adega Os Arreiros, co seu sabor afroitado e esencias de brisas atlánticas.

## Que visitar?

- 1  Visita ás salinas do Ulló e ás ruínas da Granxa do Ulló
- 2  Igrexa de San Martiño de Vilaboa e Peto de ánimas
- 3  Hórreo da reitoral de Vilaboa
- 4  Sendeiro dos muíños de Río Maior

Interactivo



## Organiza a visita

*Adega Os Areeiros*  
Coordenadas: 42.335887, -8.655462  
Distancia dende o Pozo da Moura:  
12 km, tempo: 20 min

*Lago de Castiñeiras*  
Coordenadas: 42.362911, -8.674992  
Distancia dende a adega Areeiros:  
4.8 km, tempo: 14 min

Un lugar de grande interese natural e cultural en Vilaboa son as Salinas de Ulló e o seu humidal. A cabeceira da Enseada de San Simón, declarada LIC (Lugar de Interese Cultural), é un lugar excelente para a observación de aves. Ademais, a visita ás vellas salinas construídas durante o reinado de Filipe IV co seu gran dique que regulaba as augas do río e das mareas ou un paseo polas impresionantes ruínas da granxa das salinas é unha proposta que non defraudará. O lugar está perfectamente sinalizado e adaptado para o sendeirismo ou os percursos en bicicleta.



Ruta dos Viños  
OCEÁNICOS

